

**RESOLUCIÓN DO 8 DE XANEIRO DO 2025 DO DIRECTOR XERAL DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. POLA QUE SE AMPLÍA O PRAZO PARA A REALIZACIÓN DA PROBA TIPO TEST CORRESPONDENTE AO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 30 DE NOVEMBRO DE 2023 (DOG nº 230, DO 4 DE DECEMBER DE 2023)**

A Resolución do 30 de novembro do 2023 de convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, de 13 prazas como persoal laboral fixo en diversas categorías da Corporación establecía un prazo de 40 días hábiles para a realización da proba tipo test, contado dende o día seguinte ao da constitución do tribunal avaliador. Ambos os dous tribunais constituíronse o día 15 novembro do 2024.

Adoptado o acordo en sesión de tribunal solicitouse, por ambas as dúas secretarías e dentro dos límites establecidos pola normativa, a ampliación do prazo de realización da proba tipo test polo prazo máximo permitido.

En consecuencia e, en virtude das razóns expostas, a Dirección Xeral da Corporación RTVG, **RESOLVE**:

**PRIMEIRO.** A ampliación do prazo da realización da proba tipo test do proceso selectivo convocado polo máximo permitido pola lei (20 días hábiles). Esta ampliación terá efectos para todas as categorías.

**SEGUNDO.** Publicar esta resolución para os efectos que procedan.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro do 2025

O Director Xeral da CRTVG

  
Alfonso Sánchez Izquierdo

CORPORACIÓN  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
Dirección Xeral